

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de decembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1494).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1495).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUES DE VALTERRA. EXPTE. 2039/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra (expediente 2039-440) a ALDASA, S.L.U, por un prezo total de 176.712,50 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. de 30.669,11 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 96 meses.

- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

3(1496).- ADXUDICACIÓN PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS FASE 1. EXPTE. 2060/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación do 27.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro : dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación:

- Acordo da Mesa de contratación celebrada o 02/12/2013 no que se procede á exclusión da empresa OBRAS E PROXECTOS GOMACONS S.L., por non presentar a documentación técnica en formato dixital tal como esixe o prego de cláusulas administrativa particulares.

Segundo: Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Ferreiros Fase 1 (expediente 2060-440) á mercantil EIRIÑA, S.L., por un prezo total de 132.377,30 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 22.974,57 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 60 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

4(1497).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DA HISPANIDADE. EXPTE. 2019/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avda. da Hispanidade (expediente 2019-440) á mercantil ALDASA, S.L.U., por un prezo total de 163.000 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 28.289,26 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 96 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

5(1498).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA PAR JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 2004/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación do 27.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro : dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación:

- Acordo da Mesa de contratación celebrada o 02/12/2013 no que se procede á exclusión da empresa E.S.O. BREOGAN, SL, e da empresa REVOLTAMAR, por non acreditar a solvencia para licitar ao presente procedemento.
- Acordo da Mesa de contratación celebrada o 12/12/2013 no que se procede á exclusión da empresa NARON, toda vez que, por erro, a oferta económica presentada corresponde á licitación das obras do expediente 2072-440 (obras estrutura de paso sobre regato Vilaverde-Pebegóns).

Segundo: adxudicar o procedemento aberto para a contratación das de humanización da beirarrúa par Jenaro de la Fuente á mercantil OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., por un prezo total de 162.000 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 28.115,70 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 48 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

6(1499).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ FASE I. EXPTE. 2126/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da accesibilidade peonil entre a porta do sol e Abeleira Menéndez fase I (expediente 2126-440)á mercantil CIVISGLOBAL, S.L., por un prezo total de 402.491,98 euros,

I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 69.853,98 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 24 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

7(1500).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA. EXPTE. 2107/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación obras construción dunha escola infantil en Navia (expediente 2107-440) a mercantil ORECO, S.A. por un prezo total de 605.246,10 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. de 105.042,71 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 48 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

8(1501).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE DERRUBA DO ANTIGO RESTAURANTE “AS DORNAS”. EXPTE. 7004/307.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Dar conta da non admisión no presente procedemento da mercantil RESTAURACIÓN DEL HABITAT Y MEDIO AMBIENTE CAAMAÑO, S.L., por falta de solvencia.

Segundo.- Rectificar o apartado primeiro do acordo de clasificación de ofertas no “Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de derruba do antigo restaurante “As Dornas” (expediente 7004-307)”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2013, engadir á

clasificación, no posto 12 a mercantil DIZ CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS S.L., con 14,83 puntos

Terceiro.- Adxudicar o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de derruba do antigo restaurante “As Dornas” (expediente 7004-307) á mercantil OBRAS E CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., por un prezo total de 56.220 euros, I.V.E. incluído.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

9(1502).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE CENTRAL DE TEIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 3092/213.

Visto o informe de fiscalización do 27.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e ampliación do parque central de Teis do servizo de Bombeiros (expediente 3092-213) a MISTURAS, S.A., por un prezo total de 878.526,55 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 152.471,55 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Mantemento do inmovible por un período de 60 meses.
- O prazo de garantía da obra será de 60 meses.
- Aportación para o control de calidade da obra do 3% do presuposto de execución material do proxecto.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

10(1503).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ESTRUTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS (ZAMÁNS). EXPTE. 2072/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de estrutura de paso sobre Regato Vilaverde-Pebegóns (Zamáns) á mercantil EIRIÑA, S.L., por un prezo total de 95.272,36 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó

I.V.E. De 16.534,87 euros, un prazo total de garantía de 60 meses, e unha aportación ao control de calidade do 4 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

11(1504).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20. EXPTE. 2085/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do acceso ao Barrio de Navia dende a VG-20 á mercantil ORECO, S.A., por un prezo total de 159.080,00 euros, IVE incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 27.608,93 euros, un prazo total de garantía de 36 meses, e unha aportación ao control de calidade do 4 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

12(1505).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2082/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora de infraestruturas nas parroquias do concello de Vigo (expediente 2082-440) á mercantil CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), por un prezo total de 187.336,66 euros o Lote 1; 149.509,39 euros o lote 2 e 159.729,80 euros o lote 3, todos eles co IVE incluído, sendo as cantidades correspondentes ó I.V.E. De 32.512,97 euros, 25.947,91 euros e 27.721,70 euros respectivamente; un prazo total de garantía de 60 meses, e unha aportación ó control de calidade do 4 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

13(1506).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 7023/307.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras segunda fase da construción do Centro Galego de Fotografía á mercantil COPCISA, S.A., por un prezo total de 348.010,18 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 60.398,46 euros, un prazo de 48 meses de mantemento do inmovible, e as seguintes melloras:

- 1.- Melloras na calidade da instalación de aire acondicionado: sí
- 2.- Mellora do patio de parcela: si
- 3.- Reparación puntual de pavimento en vial: si
- 4.- Identificación interior y exterior: sí
- 5.- Tratamento de medianeras: si
- 6.- Rede de datos: si
- 7.- Instalación de alarma: sí
- 8.- Instalación de son: sí
- 9.- Repaso, limpeza e mellora das fachadas exteriores: sí”

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

14(1507).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE BANCOS. EXPEDIENTE 6927/446.

Visto o informe de fiscalización do 23.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento negociado con publicidade para a contratación do subministro e instalación de bancos en zonas verdes á mercantil GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L., S.L., por un prezo total de 74.531,16 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 12.935,16 euros, e unha redución en 10 días naturais contados dende o día seguinte ó que se efectúe o encargo polo concello de vigo o prazo máximo de un mes previsto para a subministración e instalación dos bancos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

15(1508).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN ON LINE DE VIGO COMO DESTINO TURÍSTICO. ESPTE. 4865/104.

Visto o informe de fiscalización do 18.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Tomar razón das exclusións das empresas ITC MENSULA, S.L., e INFORPRESS, S.L., do procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de execución dunha campaña de promoción online de Vigo como destino turístico, acordadas pola mesa de contratación na súa sesión de data 2 de decembro de 2013, á vista do informe de valoración da oferta técnica e económica da xefa do servizo de Turismo de data 26 de novembro de 2013, por non cumprir cos requirimentos do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Adxudicar a ESMERARTE SERVICIOS ARTÍSTICOS, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de execución dunha campaña de promoción online de Vigo como destino turístico (expediente 4865-104) por un prezo total de 70.700 € (IVE incluído), e as seguintes prestacións adicionais:

- Unha redución do prazo de execución de 8 días naturais respecto do prazo de 60 días naturais proposto no prego de cláusulas administrativas particulares.
- 188,14 GRPs (GRP: número total de impactos que xeran as insercións publicitarias por cada 100 persoas do público obxectivo). Os impactos de cada medio estarán certificados por terceiros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

16(1509).- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL DESIGNANDO A D. FRANCISCO J. GONZÁLEZ YEBRA-PIMENTEL COMO RESPONSABLE DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA COA MERCANTIL “PAZO DE CONGRESOS, S.A.”, PARA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO PAZO-AUDITORIO DE CONGRESOS DE VIGO. EXPTE. 301/330.

Dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal do 18.12.13, que di o seguinte:

Con data de 6.03.2006 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo outorgou contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo á proposición presentada pola UTE Testa Inmuebles S.A. (40%); Caixanova, hoxe NCG Banco S.A. -Novagalicia Banco-, (20%); Puentes Concesiones S.L.(15%); Sacyr S.A.U. (10%); Expacontra S.A. (10%) e Puentes e Calzadas S.A. (5%) que con posterioridade, en aplicación do sinalado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe no contrato, constituíron "Pazo de Congresos de Vigo S.A."

Nin o Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas -TRLCAP-, normativa aplicable *ratione temporis* o contrato de concesión de obra pública, nin o PCAP, mencionan a figura do responsable do contrato.

Ós efectos indicados propónse o órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Designar a D. Francisco Javier González Yebra-Pimentel, xefe da Oficina Administrativa da Alcaldía, Responsable do contrato de concesión de obra pública suscrito coa mercantil "Pazo de Congresos de Vigo S.A." para a xestión e explotación do Pazo-Auditorio "Mar de Vigo" que poderá nomear colaboradores as súas ordes que desenvolverán a súa labor en función dos seus coñecementos específicos.

SEGUNDO: O responsable do contrato supervisará a execución do contrato mencionado e ditará as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.

TERCEIRO: O responsable do contrato impulsará as eventuais incidencias ou incumprimentos que deriven en accións coercitivas, penalizacións e/ou resolución contractual.

CUARTO: O responsable do contrato intervirá nos subprocesos que podan xurdir durante a súa execución que requiran de pronunciamento expreso do órgano de contratación tales como cancelación e devolución das garantías complementarias ou suspensión, modificación, cesión ou resolución do mesmo.

QUINTO: Notificar o presente acordo o interesado e a sociedade concesionaria.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no término dun mes a contar desde o día seguinte a súa recepción, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no término de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, sen que ambos podan simultanearse.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

17(1510).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE FESAN, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECAS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO. EXPTE. 4109/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26-12-13, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira delegada de área; visto

así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral do 27-12-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/33 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de novembro de 2013 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de novembro de 2013, partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013

18(1511).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE FESAN, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECAS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO. EXPTE. 4120/336

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26-12-13, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira delegada de área; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral do 27-12-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/34 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de decembro de 2013 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de decembro de 2013, partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

19(1512).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE CONGREVIGO, S.L. POLOS SERVIZOS EN VARIAS ACTUACIÓNS NO AUDITORIO NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO. EXPTE. 10808/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 20-12-13, do xefe de Protocolo e RR PP, conformado pola concelleira-delegada de Economía e Facenda; visto o informe de fiscalización do 27-12-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na relación de facturas que segue:

PARTIDA	FACTURA	DATA	IMPORTE	MOTIVO
912.0.226.99.00 (gastos diversos)	P057/2013	11/11/13	4017,2	Gastos limpeza, consumos luz e técnico de auditorio
912.0.226.99.00 (gastos diversos)	P0069/2013	16/12/13	5556,32	Gastos limpeza, consumos luz e técnico de auditorio

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor dos provedores que figuran en cada unha das facturas da relación anterior, e pola cantidade que se especifica a cada unha delas, con cargo ás partidas orzamentarias arriba indicadas.

Congrevigo S.L	B-99282765	9.573,52 €
----------------	------------	------------

20(1513).- RESOLUCIÓN DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAI E DEPORTIVOS DO CONCELLO DE VIGO. XPTE. 24741/220,

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, conformado pola xefa de área, polo tesoureiro municipal e polo concelleiro-delegado de área; visto o informe de fiscalización de data 26-12-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión das *axudas para fins culturais e deportivos* do Concello de Vigo, en acordo de 20/11/2013 por un importe total de **6,010.00€** , aos seguintes, con cargo á clasificación orzamentaria 9220.1620400:

Equipo	Cantidade
A Carballeira (Fútbol 11)	929,00 €
Bombeiros Atletismo	921,50 €
Bombeiros Open (fútbol 7)	634,50 €
Bombeiros veteranos (fútbol 7)	634,50 €
Concello de Vigo (fútbol sala)	493,50 €
Parques e Xardins (fútbol sala)	493,50 €
Punteirón (Fútbol sala)	493,50 €
Bombeiros (fútbol sala)	493,50 €

Club Deportivo P. Local	493,50 €
TOTAL	5.587,00 €
INDIVIDUAIS	CANTIDADE
Pablo del Rio	70,50 €
Angeles Garrido	70,50 €
Jorge González	70,50 €
Gabriel Pérez	70,50 €
Pablo Quinteiro	70,50 €
Alberto Vázquez	70,50 €
TOTAL	423,00 €

Segundo.- Autorizar libramento a xustificar por importe de 6010,00 **euros** a favor do funcionario municipal D Justo Alonso Villar Martínez (DNI 36014690W), con nº de persoal 20801, adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios, a proposta da Comisión *das axudas para fins culturais e deportivos* para o pago das devanditas axudas, con cargo a partida 92201620400,.

O libramento a xustificar faráse efectivo na conta restrinxida de pagos aperturada na Tesourería Municipal, núm. c/c 20805000683110288501.

Terceiro.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal para o seu trámite.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.